

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BANDE PARA A APERTURA AO PÚBLICO E REALIZACIÓN DE VISITAS AO COMPLEXO ARQUEOLÓXICO AQUIS QUERQUENNIS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. Antonio Casas Calviño, xerente da **Axencia de Turismo de Galicia**, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos).

Doutra parte, D^a Sandra Quintas Vázquez, alcaldesa do **Concello de Bande**, envirtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos



turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que o campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis está no lugar de Porto Quintela, parroquia de Santa Comba, no concello ourensán de Bande. Trátase dun conxunto arqueolóxico formado polo campamento e mansio vinculados co paso da vía XVIII de Antonino ou Vía Nova, que presenta un gran valor científico e patrimonial derivado da información obtida polas continuas campañas de escavación desenvolvidas ao longo de varias décadas.

Este xacemento ten un indubidable valor histórico e arqueolóxico e, dentro dos



existentes en toda a Península Ibérica, é o máis extensamente escavado, investigado, monumentalizado e posto en valor entre os do seu xénero, ademais de ser un dos únicos campamentos militares romanos permanentes coñecidos en Galicia, xunto co de Cidadela (Sobrado dos Monxes).

Está situado na ribeira dereita do río Limia, no fondo do val, ao carón do actual encoro das Conchas, e estreitamente vinculado coa vía romana XVIII do Itinerario Antonino, que comunicaba os conventos xurídicos de Bracara Augusta e Asturica Augusta, e como lugar de asentamento permanente dunha unidade militar para actuar, cara a finais do século I d.C., como base de operacións para a construción da referida vía de comunicación.

Os datos resultantes das investigacións semellan indicar que tivo unha curta ocupación que non iría alén do primeiro terzo do século II d. C. Probablemente, a unidade militar que albergou foi unha cohorte (600 soldados) vinculada á Legio VII Gemina con sede na antiga León.

As escavacións das cales foi obxecto deron como resultado a obtención de moita información sobre a estrutura arquetípica deste tipo de asentamentos militares.

En relación co seu valor cultural sobranceiro, que o destaca e o fai singular entre o resto de xacementos arqueolóxicos de Galicia, e despois do informe favorable do Consello de Cultura Galega, á Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario e á Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 101/2018, do 6 de setembro, polo que se declara Ben de Interese Cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, o campamento romano e mansio viaria de Aquis Querquennis.

Quinto.- Que o obxectivo da actuación é a posta en valor do complexo arqueolóxico Aquis Querquennis como un dos principais focos de atracción turística do Concello de Bande. No centro de interpretación Aquae Querquennae -Vía Nova recóllense estatísticas de visitantes no centro.

Considérase que o número de visitantes é bastante superior ao estimado na afluencia turística anual, arredor de 12.000 visitas/ano, debido a que nesas enquisas só se reflicten as persoas que entran ao centro de interpretación, pero non as que se achegan a gozar



do xacemento romano (campamento militar e mansio) ou das termas de Os Baños, entre outros lugares, sen pasar polo centro.

Outro hándicap na valoración das estatísticas é a apertura intermitente do centro de interpretación, o que dificulta unha avaliación anual completa.

Sexto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recursos transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

O Complexo é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só no concello de Bande senón tamén na Comunidade Autónoma.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar para a apertura ao público e realización das visitas no citado complexo, que conta coa declaración de BIC, coa categoría de zona arqueolóxica, e un atractivo turístico de primeira orde na Comunidade Autónoma de Galicia, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas



seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Bande para a apertura ao público e a realización de visitas ao complexo arqueolóxico Aquis Querquennis no Concello de Bande.

Segunda.- Orzamento e financiamento. Gastos subvencionables.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 20.000,00 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Gastos de persoal	13.000,00 €
Material merchandising	2.000,00 €
Actividades culturais vinculadas á apertura de Aquis Querquennis	5.000,00 €

A Axencia de Turismo de Galicia achegará 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.460.0, proxecto 2015 00006 "Promoción e potenciación do Turismo", dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade



subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro 2024**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terceira.- Ausencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia de Turismo de Galicia - Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Cuarta.- Compromisos das partes.

A **Axencia de Turismo de Galicia** comprométense, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, a achegar os importes establecidos na cláusula segunda.

O **Concello** comprométese coa sinatura deste convenio a:

- Executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o seu desenvolvemento e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Como beneficiario dunha subvención o concello deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con



anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exigencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia de Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

Quinta.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir



o Concello de Bande para a realización por simesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta. Xustificación.

1. O concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.**

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas diante da Axencia de Turismo de Galicia realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 9 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o



concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Así mesmo, deberá achegarse polo concello:

-Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Ademais de presentarse coa xustificación, estas declaracións tamén deberán presentarse con anterioridade á sinatura do presente convenio.



3. O prazo para xustificar por parte do concello remata o **15 de decembro 2024**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

4. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, o Concello deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Axencia de Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando obedezan razóns xustificadas, e sempre que se xustifique o importe total.

5. Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

Sétima.- Compatibilidade.

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras



subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, que de conformidade co disposto no artigo 6.1.Un do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán ser de ata o 80% do importe de 18.000 €, así como un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta, segundo se establece no artigo 62 de Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Novena.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento no caso de que xurdisen dúbidas.



O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os representantes das entidades colaboradoras poderán comparecer asistidos por técnicos ou asesores, con voz pero sen voto.

En todo caso, os acordos da comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- A interpretación deste convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas polo menos unha vez ao ano.

En relación á subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

Décima.- Modificación e resolución do convenio.

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como



finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A declaración xudicial de nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais



galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e mailo resto das especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Décimo cuarta.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar acalquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.-Protección de datos.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.



Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O xerente de Turismo de Galicia

A alcaldesa do Concello de Bande

Antonio Casas Calviño

Sandra Quintas Vázquez

